




POLICÍA LOCAL
Santiago de Compostela

MEMORIA ANUAL CURSO 2015 - 2016

#CamiñamosAoTeuCarón





EQUIPO DE EDUCACIÓN VIARIA - MEMORIA CURSO 2015/16

ALCALDE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Martiño NORIEGA SÁNCHEZ

CONCELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE E CONVIVENCIA

Xan DURO FERNÁNDEZ

XEFATURA DA POLICÍA LOCAL

José Manuel TRABA GESTO

INSPECTOR DA SECCIÓN

José Antonio PENA SANTAMARINA

OFICIAL E COORDINADORA DO DEPARTAMENTO

Diana PARENTE PAMPÍN



EQUIPO DE EDUCACIÓN VIARIA

Eulogio IGLESIAS SOLLA

Carlos RENDO GONZÁLEZ

Maximino VIAÑO MARCOS



1. INTRODUCCIÓN

Queridos amigos e amigas,

Tedes ante vós a memoria descritiva dun ano cheo de retos que asumimos con moito traballo e esforzo, pero á súa vez contaxiado de ilusión, entusiasmo, creatividade e sobre todo con moitas ganas por axudar a mellorar a calidade de vida da cidadanía compostelá.

Coa firme crenza de que todas e cada unha das persoas podemos achegar o noso grao de area para a mellorar a calidade de vida do mundo comezamos a idear o proxecto “Colecamiños” en Compostela e como experiencia piloto o colexio Pío XII. Lembramos o verán do ano pasado cheo de moito traballo, de reunións de presentación, de charlas motivadoras e dinamizadoras, deseño e sinalización das rutas. Pero si, chegou setembro e con iso o curso escolar, e todo estaba listo para empezar a camiñar pasiño a pasiño. Cada mañá fomos recibidos con sorrisos e emoción, ás 8.30h os e as policía camiñamos á beira dos nenos e nenas en cada unha das rutas. Encántanos escoitar as súas inquietudes, as súas historias de mañanciña e ao mesmo tempo ser educadores sociais e viarios. Na actualidade son poucos os nenos que gozan desa experiencia, por causa das prásas e os ritmos de vida excesivamente acelerados e tamén por un proteccionismo esaxerado. Cando antes se percorría o camiño ao colexio en compañía dos amigos, o ben que sabían eses intres, recorden familias. Dende aquí queremos animar os pais e nais a que lembren as historias que viviron cando eran pequenos.

Paralelamente, naceron outros moitos programas e proxectos, que a continuación se expoñen, e que nos permitiron un achegamento á nosa cidadanía, gozando do sorriso e ganas de aprender dos nenos e nenas, da mirada atenta dos adultos, das preguntas incesantes e dúbidas nos talleres de sistemas de retención infantil, das emocións desbordadas entre a mocidade no RoadShow e, como non, da inmensa gratitude das persoas con necesidades educativas especiais. E todo foi posible, sabedes por que? En primeiro lugar, porque cremos firmemente que podemos achegar algo para que a nosa cidade sexa máis humana e segura e tamén porque contamos co total apoio da xefatura da Policía Local e da Concellaría de Convivencia. Dende aquí damosvos as grazas e poñemos de manifesto que para o próximo curso seguiremos camiñando ao voso carón.

*Dimo e esquézoo,
ensínamo e lémbroo,
involúcrame e apréndoo”*

Benjamin Franklin



1. INTRODUCCIÓN	3
2. DATOS XERAIS DE PARTICIPACIÓN DE CENTROS EDUCATIVOS	5
3. RELACIÓN DE CENTROS E PARTICIPACIÓN	6
4. ESQUEMA DE PARTICIPACIÓN EN CADA MÓDULO	7
5. INTERVENCIÓNS REALIZADAS	8
5.1. 4º PRIMARIA.....	8
5.1.1. Módulo teórico.....	8
5.1.2 Módulo práctico(camiño seguro)	9
5.2 6º PRIMARIA.....	12
5.2.1. Módulo teórico.....	12
5.2.2. Módulo práctico (parque infantil de tráfico).....	13
5.3. EDUCACIÓN ESPECIAL	15
5.3.1 Módulo teórico.....	15
5.3.2 Módulo práctico	15
5.4. EDUCACIÓN VIARIA EN FAMILIA	19
5.5. EDUCACIÓN VIARIA EN ADULTOS	20
5.6. OBRADOIRO PRÁCTICO DE BICICLETAS, EN COLABORACIÓN CON DECATHLON	21
5.7. CENTRO ESCOLAR VIARIO	22
5.8.OBRADOIRO DE SISTEMAS DE RETENCIÓN INFANTIL	23
5.9 THE ROAD SHOW.....	24
5.10 I XORNADAS DE EDUCACIÓN VIARIA.....	26
6. PROXECTO COLECAMIÑOS	29
6.1 QUE É O CAMIÑO ESCOLAR?	29
6.2 PASOS DADOS NO COLECAMIÑOS NA NOSA CIDADE PARA CEIP PÍO XII.....	29
6.3 PERCORRIDOS DO PÍO XII	31
6.4 TENDA AMIGA	34
6.5 DESEÑO GRÁFICO	35
6.6 MOITO OLLIÑO	36
6.7 COLECAMIÑOS CEIP RAÍÑA FABIOLA	38
6.8 ENGLISH WAY	39
6.9 I CONSELLO DE DE SEGURIDADE VIARIA INFANTIL.....	40
6.10 BUSCA DO TESOURO DE MOITO OLLIÑO	41
7. VISITAS.....	42
7.1 ESCOLA “CAMILO JOSÉ CELA”	42
7.2 ESCOLA “OS PEQUERRECHOS”	42
8. CAMPAMENTOS DE VERÁN.....	43
CONCLUSIÓNS E PLANS DE FUTURO	44

**2. DATOS XERAIS DE PARTICIPACIÓN DE CENTROS EDUCATIVOS**


PROGRAMA DO EVENTO	DIRIXIDO A:	NÚM, TOTAL PARTICIPANTES ³²
FASE TEÓRICA	Centros escolares (4º e 6º de educación primaria)	1281
FASE PRÁCTICA	Centros escolares (Camiño seguro - 4º educación primaria) e (Parque Tráfico - 6º educación primaria)	601
OUTROS COLECTIVOS	Down Compostela, ASPAS, CEE López Navalón e CEE A Barcia	206
COLECAMIÑOS	Centros escolares Pío XII e CEIP Raíña Fabiola	70
CANTIDADE TOTAL DE ALUMNADO		2158

3. RELACIÓN DE CENTROS E PARTICIPACIÓN

CENTROS ESCOLARES	4º PRIMARIA		6º PRIMARIA	
	Teoría	Práctica	Teoría	Práctica
CEIP DAS FONTIÑAS	75	-	-	-
CEIP DE ROXOS	25	-	25	25
CEIP LAMAS DE ABADE	-	-	50	-
CEIP LÓPEZ FERREIRO	48	48	48	48
CEIP MONTES DOS POSTES	45	45	22	22
CEIP QUIROGA PALACIOS	40	-	47	-
CEIP PÍO XII	75	75	-	-
CEIP RAÍÑA FABIOLA	22	-	23	40
CEIP RAMÓN CABANILLAS	50	-	50	-
CEIP SANTIAGO APÓSTOLO	16	-	19	-
CLUNY	48	-	-	-
COMPAÑÍA DE MARÍA	75	75	50	-
SAN PAIO - ENMA	24	24	22	22
DIVINO MESTRE	25	-	25	25
XUVENTUDE	18	-	22	22
A MILAGROSA	27	26	26	-
MANUEL PELETEIRO	100	80	-	-
SAN FRANCISCO XAVIER	18	-	26	-
SAN JORGE	-	-	47	-
VILAS ALBORADA	24	-	24	24
	755	373	526	228

EDUCACIÓN ESPECIAL	TEORÍA	PRÁCTICA
ASPAS	80	11
CEE A BARCIA	45	-
CEE LÓPEZ NAVALÓN	40	40
DOWN COMPOSTELA	41	8
	206	59

4. ESQUEMA DE PARTICIPACIÓN EN CADA MÓDULO.



5. INTERVENCIONES REALIZADAS

5.1. 4º PRIMARIA

5.1.1. Módulo teórico

Co programa dirixido a 4º de educación primaria quixemos acadar que os escolares valorasen a importancia que ten coñecer os elementos da vía pública e o comportamento dos peóns e dos pasaxeiros, tanto de vehículos particulares como colectivos.

Explicámoslles como cruzar una rúa, tanto urbana como interurbana, a prioridade dos sinais, por onde deben de baixar e subir aos turismos, os perigos dos garaxes etc.

Amosámoslles vídeos explicativos e intentamos resolver todas as súas dúbidas e inquedanzas referidas á súa cidade en materia de tráfico.

Foron máis de 750 escolares os que participaron nesta fase teórica e case 400 na fase práctica, todos eles procedentes de 20 colexios da nosa cidade.





5.1.2 Módulo práctico(camiño seguro)

Escolares de 4º curso de educación primaria formaron parte do programa “Móvete seguro con Moito Olliño” e recibiron a formación teórica nas súas aulas.

O obxectivo desta fase práctica foi que os alumnos experimentasen os contidos explicados no módulo teórico. Para isto, dende este departamento elaboramos un percorrido (camiño seguro) onde practicamos

co alumnado a maneira de cruzar un paso de peóns, repasamos *insituos* principais sinais de tráfico e explicámoslles as distintas fases dun semáforo.





Durante o percorrido, os escolares denunciaron mediante “a multa da vergoña” as infraccións observadas tanto en peóns como en condutores.



A actividade finalizou nas dependencias da Policía Local onde, ademais de analizar os datos observados na ruta, amosáuselles a sala de Tráfico dende a que se manexan os ciclos semafóricos da cidade e se fai un seguimento, a través de pantallas, do movemento da circulación en Compostela. Tamén se lles explicaron as principais funcións que desenvolvemos e puideron ver diverso material empregado pola Policía no seu traballo diario.



5.2 6º PRIMARIA

5.2.1. Módulo teórico

No programa dirixido ao alumnado de 6º de educación primaria a protagonista principal foi a bicicleta. Traballamos con nenos e nenas de once ou doce anos, unha idade en que a bici adoita ser o seu medio de transporte preferido, así que quixemos reforzar os coñecementos sobre o seu comportamento cando

son condutores de bicicletas, cales son as principais normas de circulación e prohibicións, como deben de sinalarse as manobras etc.

Resultaron unhas sesións moi participativas onde o alumnado, e tamén algún mestre, formularon as súas dúbidas sobre a normativa ciclista.

Tratamos de mostrarlles os perigos cos que poden atoparse, sobre todo cando circulen pola calzada, as medidas de seguridade que deben adoptar para minimizar os riscos, o importante que é o uso do casco, así como facerse ver, sobre todo con condicións climatolóxicas adversas.



5.2.2. Módulo práctico (parque infantil de tráfico)

Con este módulo práctico buscábamos que o alumnado coñecese e interiorizase as normas básicas de circulación, que as practicasen no seu comportamento e que incorporase actitudes de respecto e responsabilidade cidadá.



Este módulo dirixiuse a escolares de 6º curso de educación primaria que formaron parte do programa “Móvete seguro con Moito Olliño” e que recibiron a formación teórica nas aulas.

O que procurábamos con este módulo práctico era que os escolares coñecesen as habilidades básicas e as precaucións necesarias para circular nunha contorna urbana dunha maneira segura, respectuosa e consciente. Tamén queríamos que mellorasen a súa formación no referido ao mantemento e posibles reparacións da súa bicicleta.







5.3. EDUCACIÓN ESPECIAL

Down Compostela, CEE López Navalón, CEE A Barcia e Aspas

Con base no convencemento de que a educación é unha clave fundamental para promover unha seguridade viaria, o motor do programa proposto é facilitarlles aos mozos/mozas e nenos/as do noso municipio estratexias e recursos de mobilidade segura, buscando que sexan usuarios das vías responsables e conscientes dos posibles perigos que existen no seu día a día, xa sexa como peóns, condutores de bicicletas ou pasaxeiros de vehículos, sempre co fin de favorecer a súa autonomía progresiva.

Con este proxecto queremos cubrir un espazo educativo transversal que se atopa lexislado na normativa educativa e diminuír o número de vítimas de accidentes de tráfico que se producen ao longo do ano. Entendemos que un dos mellores xeitos de erradicar esta lacra social é a través da educación, que promoverá unha cultura viaria dirixida á seguridade sostible tal como recolle o Plan estratéxico europeo en materia de seguridade viaria 2011-2020.

Os principais obxectivos que nos propuxemos acadar con este colectivo foron que os alumnos coñecesen as normas básicas de circulación, tanto como peóns como usuarios de vehículos, e intentar que se integrasen na súa contorna diaria como usuarios frecuentes. Traballamos con eles comportamentos seguros, ben como peóns ben como usuarios de transportes públicos ou de bicicletas.

A materia que se impartiu nos cursos de educación especial estivo estruturada en dous módulos, un teórico e outro de carácter práctico.

5.3.1 Módulo teórico

O contido da parte teórica desenvolveuse con material da Xefatura Provincial de Tráfico da Coruña, da Fundación Mapfre e con material propio deseñado polo Departamento de Educación Vial da Policía Local de Santiago de Compostela. Nel, o alumnado, xunto co monitor, repasaron os conceptos máis importantes relacionados coa seguridade viaria.

5.3.2 Módulo práctico

Sesión práctica en que se realizou unha actividade destinada á comprensión e interiorización dos coñecementos adquiridos nas clases teóricas para axudar a que se perciba a necesidade das normas e do seu respecto.

Entre as actividades incluídas neste módulo destacamos:

- Percorrido peonil: Consistiu nun itinerario pola rúas da nosa cidade en que, co acompañamento de monitores, se practicou o aprendido na sesión teórica, é dicir, como circular pola beirarrúa, formas seguras de cruzar a rúa, saídas de garaxes etc., analizando os riscos que podemos atopar e buscando posibles solucións.
- Transporte urbano: Este é un dos aspectos máis importantes da súa autonomía xa que lles permitirá poder desprazarse por si mesmos/as. Practicamos o uso deste medio coa colaboración da empresa TUSSA.

DOWN COMPOSTELA



ASPAS





C.E.E LÓPEZ NAVALÓN





C.E.E A BARCIA



5.4. EDUCACIÓN VIARIA EN FAMILIA

Difundido no marco do programa Apego (Educación Vial en Familia) en colaboración co CSC O Ensanche, as familias gozaron dunha visita ás nosas dependencias.

Amosámoslles as principais seccións da nosa Xefatura. Puideron observar como se traballa na sala de Tráfico, onde se fai un seguimento do tráfico a través das múltiples cámaras distribuídas pola cidade, visitaron a sección de atestados, a oficina de material, para finalizar cunha mostra de diverso material policial utilizado no noso traballo diario.





5.5. EDUCACIÓN VIARIA EN ADULTOS

Debido á preocupación que a directiva da Sociedade Cooperativa Galega "Salgueiriños de Consumo" amosa pola seguridade viaria, dedicamos unha xornada á prevención e á concienciación.

Tivemos un gran coloquio, onde os socios desta cooperativa recibiron información para ter en conta no día a día para a súa propia seguridade e a do resto da colectividade. Entre outros temas debatemos sobre a sinistralidade viaria e a súa evolución, a conducción impersoal, a violencia viaria, as imprudencias e os delitos contra a seguridade viaria.



5.6. OBRADOIRO PRÁCTICO DE BICICLETAS, EN COLABORACIÓN CON DECATHLON

Con estes talleres pretendeuse introducir aos asistentes (neste caso alumnado de 6º de primaria) no coñecemento das habilidades básicas e as precaucións necesarias para circular nunha contorna urbana ou interurbana, dunha maneira segura, respectuosa e consciente.

Os principais contidos do obradoiro estiveron encamiñados a explicarlle ao alumnado a maneira correcta de utilizar a bicicleta, é dicir, como aprender a calcular a altura correcta do guiador e do asiento, a importancia de usar os elementos de visibilidade, o correcto uso do casco, homologación, caducidade...

Tamén queriamos que se desenvolvesen na parte mecánica, isto é, como reparar unha picada, como cambiar a cámara dunha roda, como axustar e tensar os freos etc.

Para isto tivemos a colaboración de persoal do establecemento comercial Decathlon, quen desinteresadamente colaborou coa Policía Local durante a duración deste módulo práctico, que se desenvolveu no Recinto Ferial de Amio.



5.7. CENTRO ESCOLAR VIARIO

Reunión coa directiva do CEIP Vite, sobre unha proposta de actividades innovadoras en relación coa educación viaria.

O que se busca con este proxecto é crear futuros e verdadeiros usuarios viarios que sexan capaces de integrar as aprendizaxes e as experiencias viarias cunha adecuada actitude crítica para mellorar a convivencia e as condicións de vida do mundo que os rodea. Para isto, inténtase que o neno ou nena coñeza a súa contorna, seu “pequeno mundo”, presentando a súa realidade vital e cotiá como un primeiro paso para os seus futuros cambios.

Aproveitando as plantas do centro e os seus accesos pódense construír zonas viarias internas e externas, convertendo o colexio nun auténtico centro viario.

As conductas que se queren fomentar son:



- Respetar a sinalización.
- Camiñar pola beirarrúa.
- Respetar os pasos de peóns.
- Non adiantar, nin empuxar, nin correr (manter certa distancia de seguridade).
- Etc.

Referencia: Colegio Los Campos- Corvera (Asturias).



5.9 THE ROAD SHOW

O Road Show é un proxecto de educación viaria dirixido á mocidade, presentado no escenario do Auditorio de Galicia, no que se combinaron efectos audiovisuais, información, reflexións e principalmente o testemuño en vivo dos protagonistas reais que habitualmente interveñen nos accidentes de tráfico ou foron protagonistas deles (policía, bombeiro, médico, médico-rehabilitador, un mozo vítima de accidente, e o máis impactante dunha nai que perdeu a súa única filla nun sinistro viario). O que se buscou foi sensibilizar os máis novos para que tomen conciencia do importante que é non consumir alcol ou drogas se despois temos que conducir un vehículo.





5.10 I XORNADAS DE EDUCACIÓN VIARIA

Para finalizar o programa anual de Educación Viaria 2015/16 celebramos na praza do Obradoiro unha Xornada de Educación Viaria dirixida principalmente aos alumnos de 4º de educación primaria, onde se fixo a presentación oficial da nosa mascota "Moito Olliño".

Participaron ademais da Policía Local, o corpo de Bombeiros do Concello, membros de Protección Civil, e persoal do establecemento Decathlon, que lles ensinaron aos escolares, a través de varios talleres, o material empregado por cada corpo para o desempeño das súas funcións.

Por parte da Policía Local houbo un parque infantil de tráfico e una exposición de varios vehículos policiais. Os bombeiros expuxeron un dos seus vehículos, fixeron unha xincana e un obradoiro de excarceración. Pola súa parte Protección Civil amosou os seus vehículos.

O persoal do establecemento Decathlon impartiu un obradoiro onde se lles amosaba aos máis pequenos toda unha serie de prevencións. Ademais de para evitar as situacións perigosas máis comúns, para tomar conciencia das normas básicas a contemplar ao circular nunha bicicleta, por exemplo, como calcular o tamaño da bici e como teñen que ir colocados, como se mira a altura do guiador e do asento, a importancia de usar correctamente os elementos de visibilidade, uso do casco regulamentario correctamente, homologación, caducidade etc. Tamén houbo un taller de música onde o artista Xoglares cantou, da man de da escola infantil Agasalle, as cancións incluídas no libro-disco de educación viaria "Axente Corrente: Galo Mirindolo" para alumnado de infantil e primaria.





[Ir al índice ↑](#)





[Ir al índice ↑](#)





6. PROXECTO COLECAMIÑOS

O Concello de Santiago de Compostela, consciente do importante papel da infancia na cidade, aposta por favorecer a súa **seguridade e autonomía** nos desprazamentos ao colexio.

Para conseguir isto, interésanos coñecer:

- como se moven estes nenos e nenas
- que necesitan
- cales son os seus medos
- e que os favorece para poder gozar máis do espazo público ao colexio.

6.1 QUE É O CAMIÑO ESCOLAR?

Unha iniciativa do Concello de Compostela pensada para que os rapaces e rapazas **en idade escolar** acudan **sós ao colexio**, xa que a cidade ofrece boas condicións de uso e seguridade.


En resumo, o proxecto educativo susténtase en tres piares fundamentais:

- ☐ Fomentar a participación activa.
- ☐ Integrar os obxectivos da educación viaria no proxecto educativo do centro. Realizar una aplicación curricular, de xeito que nas prácticas docentes se integren de forma transversal estes valores.
- ☐ Establecer obxectivos asumibles cada curso escolar e ser o seu modelo a seguir tamén nesta área.

6.2 PASOS DADOS NO COLECAMIÑOS NA NOSA CIDADE PARA CEIP PÍO XII.

1. Antes do verán de 2014, nunha reunión coa xefa de Tráfico da Coruña, propónsenos o proxecto “Camiños seguros”, facendo unha reflexión sobre por que na capital de Galicia non intentabamos facer ningunha experiencia piloto.
2. No mes de outubro 2014 participase nun relatorio sobre camiños escolares seguros no Concello de Carballo, onde funciona o Pedibús dende hai varios anos.
3. Na semana do 12 de xaneiro de 2015 faise un traballo de campo na contorna do colexio Pío XII, á entrada e a saída do colexio. Selecciónase este colexio por crer o seu enclave propicio para facer unha experiencia piloto, engadindo que nos últimos cursos escolares non dispón de bus escolar co conseguinte colapso de vehículos mal estacionados á porta do colexio e que xeran un grave perigo para os seus propios fillos/as.
4. O día 19 de xaneiro acódesse á cidade de Pontevedra para observar en primeira persoa como funcionan os camiños seguros nesa cidade. Entrevistámonos có xefe da Policía Local, que nos transmite a súa boa experiencia tras 6 anos de funcionamento.

5. O seguinte paso dáse nunha entrevista co director do colexio Pío XII, D. Xosé Manuel Casaleiro, para propoñerlle este proxecto, que queda en darnos unha resposta unha vez traslade a proposta ao claustro do colexio.
6. O claustro o recibe con entusiasmo e algunhas dúbidas, polo que se programa una reunión co profesorado o 17 de febreiro, para una exposición dos contidos e obxectivos do Colecamiños.
7. Confeccionada unha enquisa que mida os parámetros que nos interesan, pásaselle ao colexio para que en cada aula, en compañía dos seus mestres/as, a contesten os nenos de máis de 7 anos e onde se acadou o seguinte resultado:




8. A Policía, por pedimento do director do colexio, confeccionou un artigo informativo sobre o proxecto, coa intención de que chegara ás mans dos pais e nais e de darlle difusión a través da revista escolar, na súa edición de semana santa.
9. Tamén, por pedimento do director do colexio e logo de comprobar a viabilidade, autorízase unha obra de modificación de infraestruturas na rúa da Poza de Bar. A obra consistiu en transformar a configuración da rúa cambiando a colocación da parada do autobús para que non crucen vehículos por enriba da beirarrúa, tal e como viña sucedendo.


10. Cos resultados das enquisas predeseñáanse as rutas máis seguras dos Colecamiños.
11. Coa intención de que comezara en setembro, co novo curso escolar, programáronse charlas motivadoras cos nenos e nenas para que formen parte destas rutas. Desde 3º a 6º de primaria, o 18 de maio e o 29 de maio 2014 dous policías e unha oficial impartiron ás ditas charlas.
12. O 19 de maio de 2015 fixemos una reunión cos pais e nais, organizada en colaboración coa dirección e a ANPA do colexio e cuxa impresión e aceptación foi moi positiva.
13. Fixéronse traballos de campo para situar posibles puntos de encontro disuasorios onde os pais e nais de fóra da cidade poidan parar cos seus vehículos, e que os nenos e nenas poidan comezar o seu camiño escolar.

6.3 PERCORRIDOS DO PÍO XII


1.- ALAMEDA




2.- GALERAS



3. CAMPUS



4. ENSANCHE



Foi unha experiencia piloto que funcionou moi ben no seu comezo, e que durou ata o final do curso escolar. Nun primeiro momento contaba con 50 escolares participando, decaendo o número a 35 no fin do curso. A ruta de Galeras non foi capaz de arrancar con forza e foi activada para o CEIP Raíña Fabiola no último trimestre do curso. É certo que os rapaces e rapazas que foron capaces de implicarse gañaron autonomía e xa realizan máis actividades por eles mesmos na súa cidade. Pero tamén é unha realidade que existen moitos medos nas familias para permitir que os seus fillos e fillas poidan gozar desta actividade.



Nun primeiro momento contamos coa colaboración da AVPC para a súa posta en marcha.



A Policía durante semanas facilitoulles estratexias de uso seguro e responsable da vía pública.

6.4 TENDA AMIGA

Ao longo dos percorridos deseñados, contamos con “tendas amigas” que se prestaron a colaborar desinteresadamente para calquera incidencia que puidesen ter os escolares durante os distintos percorridos existentes.

As tendas amigas identifícanse por unhas pegatinas colocadas no referidos establecementos e os nenos saben que poden contar con eles para calquera necesidade que teñan.

Os establecementos que colaboran nesta actividade son os seguintes:

O ENSANCHE:

- Quiosko Andrés
- Papelería Xaquín
- QuioskoRiana
- Vinoteca Albarella

GALERAS:

- Papelería Celia
- Cafetería Bellavista
- Panadería O Cornecho
- Ultramarinos El Carmen
- SCI Servizo de Colaboración Integral de Xestión de Multas

ALAMEDA:

- Mesón Cestaños
- Cafetería Ferradura



6.5 DESEÑO GRÁFICO

Para darlle publicidade e informar a cidadanía da nova iniciativa municipal, desde o Concello fixéronse campañas informativas tanto na prensa como na radio. Ademais sinalizáronse vertical e horizontalmente os distintos percorridos mediante bandeirolas, indicación dos puntos de encontro, mupis, folletos informativos e sinais con mensaxes positivas para reforzar a idea de ir camiñando ao colexio.

Tamén se lle entregaron aos participantes neste proxecto pegatinas para pegar nas súas carpetas, nos seus vehículos, así como chalecos reflectantes para todos eles.



6.6 MOITO OLLIÑO

Queríamos ter unha mascota propia e para isto contamos coa axuda dos alumnos do colexio Pío XII, que participaron nun concurso de deseño da nosa mascota.

Amósanse algúns dos debuxos presentados polos nenos e nenas:



O gañador do concurso foi Martín, alumno de 5º de primaria. A partir da imaxe gañadora xurdiu a nova mascota "Moito Olliño". O gañador colaborou coa nosa deseñadora no resultado final da nova mascota.



Unha vez feita a mascota encargouse unha canción e un vídeo identificadores dela, que foron presentados oficialmente nas I Xornadas de Educación Vial.



6.7 COLECAMIÑOS CEIP RAÍÑA FABIOLA

No último trimestre do curso comezamos coa primeira ruta do CEIP Raíña Fabiola. Foi unha experiencia moi enriquecedora que funcionou dende un primeiro momento, contando con 12 escolares e con moita implicación do centro escolar. Incluso nunha das xornadas os escolares que son transportados no bus do centro se xuntaron con gran ilusión a experiencia. Este percorrido é compartido coa ruta que vai dende Campo de Santa Isabel ao CEIP Pío XII, coa variante de que ao chegar a rúa Salvador Allende se desvía ao Raíña Fabiola.



6.8 ENGLISH WAY

Colecamiños en inglés. O Centro Británico colaborou nos Colecamiños da nosa cidade para fomentar o uso do inglés e animar aos escolares a camiñar á escola.

Durante varias xornadas, persoal deste centro percorreu, xunto co alumnado, os distintos Colecamiños facendo diversas actividades lúdico-didácticas, todas elas en inglés.

Anímaste a vivir unha experiencia de camiño ao teu colexio que nos vas a esquecer? Súmate ás diversas actividades lúdico-didácticas en inglés, que coordina coa Policía Local "O Centro Británico" de camiño ao Pío XII. Esperámoste:

- 2, 4, 9 e 30 de marzo ás 8.30 h na ruta do Ensanche. Punto de saída a Praza Vigo.
- 16 e 18 de marzo ás 8.30 h na ruta do Campus. Saída desde Colexio Maior Fonseca.
- 11 de marzo ás 8.30 h ruta zona vella/Alameda. Saída desde a Porta Faxeira.



6.9 I CONSELLO DE DE SEGURIDADE VIARIA INFANTIL.

Dende o Departamento de Educación Viaria preparamos unha iniciativa para celebrar o **I Pleno de Seguridade Viaria Infantil**, onde os participantes dos “Camiños Escolares” ían reflexionar e darlle a coñecer ao Grupo de Goberno, as súas ideas e propostas de mellora para o Colecamiños- camiño escolar, todas elas baseados na súa propia experiencia ao longo do curso escolar. A actividade proposta para levar a cabo a reflexión sobre a batería de posibles pedimentos de mellora, foi o *Buscador do nunca observado*.

Para isto constituímos unhas bases de participación e repartimos, ao longo do curso escolar, unhas pegatinas que debían xuntarse a un soporte tamén entregado por esta Policía. Deste xeito, os 25 primeiros escolares que acadasen completar o dito soporte, participarían no I Planos de Seguridade Viaria Infantil.

Por razón alleas tanto a Policía Local como ao Concello de Santiago de Compostela, non foi posible a celebración do referido Pleno.



I Concurso "Concello de Seguridade Viaria Infantil"

BASES	1. A Policía Local facilitará a todos os nenos e nenas participantes nun distintivo Colecamiños un cartón de Monto Ollito no que ir pegando os adhesivos cos puntos que obteñan.
	2. Como mínimo unha vez a semana, a Policía Local visitará os distintos Colecamiños e entregará a cada participante que vista o chaleco identificable de alta visibilidade unha pegatina de "colepuntos".
	3. O valor das pegatinas dependerá das condicións meteorolóxicas: se se trata dun día chuvioso, o seu valor será de 2 colepuntos, mentres que un día sen presenza de auga será de 1 punto.
	4. O valor do cartón de Monto Ollito é de 35 puntos. Sendo imprescindible sumar colepuntos de sol e choiva.
	5. Hai que respectar as regras que presenta a base do cartón de Monto Ollito.
	6. Os primeiros 25 participantes que completen o cartón cos colepuntos de Monto Ollito serán os gañadores do concurso. En caso de empate farase un sorteo da man inocente cos nomes dos nenos que entregaran o cartón o mesmo día.
	7. Para comunicar quen rematou o cartón, cada nen@ terá que entregalo á súa profesora ou profesor, quen fará constar a data.
	8. A dirección ou xefatura de estudos do Colexio Pío XII fará chegar á Policía Local o nome dos primeiros 25 escolares que logren cubrir o cartón de colepuntos de Monto Ollito.
	9. O premio consistirá na participación no PRIMEIRO CONSELLO DE SEGURIDADE VIARIA INFANTIL que se celebrará no salón de Plenos do Concello de Santiago presidido polo alcalde.
	10. Nese Consello, os participantes poderán presentarlle ao alcalde calquera idea, suxestión ou proposta en relación cos camiños escolares ou con calquera outra cuestión relacionada coa mellora da seguridade viaria na nosa cidade.
	11. O obxectivo final desta actividade é ensinar os escolares a recoller información sobre o símbolo viario da súa contorna, analízala e tirar conclusións para propoñer melloras, en definitiva, que os nenos e nenas realicen unha valoración da responsabilidade dos seus comportamentos e hábitos de seguridade.





6.10 BUSCA DO TESOIRO DE MOITO OLLIÑO

Os alumnos do CEIP Raíña Fabiola andaron no Colecamiños na procura do tesouro de Moito Olliño. O obxectivo era que, seguindo o itinerario, descubrisen xogando os contidos teóricos e prácticos do programa que ten como premisas favorecer a seguridade viaria e a autonomía dos cativos.



7. VISITAS

7.1 ESCOLA “CAMILO JOSÉ CELA”

Na época do Nadal e en fin de curso achegámonos ao Servizo de Pediatría do Centro Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela para visitar a escola Camilo José Cela. Alí impartimos unhas charlas sobre os sinais de tráfico e as condutas que han ter os nenos e nenas como peóns, ciclistas ou como futuros condutores e condutoras. A visita de fin de curso finalizou coa presenza da nosa mascota. Foi unha experiencia única.



7.2 ESCOLA “OS PEQUERRECHOS”

Nese mesmo día de comezo do verán tamén estivemos no Hospital Gil Casares, onde visitamos a escola infantil Os Pequerrechos e amosámoslles aos máis pequenos o material usado pola Policía Local. Tamén lles fixo una visita a nosa mascota Moito Olliño, quen lles levou algún agasallo e bailou con eles cancións relacionadas coa seguridade viaria.

Deste xeito, trabállase desde idades temperás na busca dunha maior autonomía persoal e na adquisición de hábitos viarios seguros e responsables.



8. CAMPAMENTOS DE VERÁN

Foron máis de 200 nenos os que participaron nas actividades de verán promovidas polo Concello, onde a Policía Local traballou con dous grupos de idade: 4-12 e 13-18 anos. Os centros socioculturais visitados foron os de Nemenzo, Figueiras, A Gracia, O Ensanche e Don Bosco.

Os máis pequenos fixeron unha saída á rúa, onde practicaron as nocións básicas sobre educación viaria para finalizar cunha visita ás dependencias, tamén houbo divertidos *flashmobs* con Moito Olliño. Mentres, o grupo de maiores traballou nun taller de xestión das emocións sobre as normas de educación viaria.





CONCLUSIÓN E PLANS DE FUTURO

Non cabe dúbida de que durante o curso 2015-2016, primeiro ano en que se coordina un labor global de educación viaria dende o Departamento de Educación Viaria da Policía Local, notamos un cambio cualitativo na concepción dos valores de seguridade viaria, que nunca deixa de sorprenden. escoitar os pais e nais dicirnos que “a armamos boa, que os seus fillos e fillas non parar de corrixilos” canto menos agrada.

O futuro do noso programa seguirá sendo marcado primeiro polos seus receptores, pero en segundo lugar tamén pola iniciativa dos membros que compoñen o equipo e que traballan no programa para consolidado e introducir valores e hábitos seguros e responsables na cidadanía compostelá. Isto fainos incrementar o noso nivel de autoesixencia para prestar o mellor servizo posible. Poñeremos todo o noso empeño en formular un gran programa para o ano 2016-2017 que teña en conta tanto as cousas que entendemos que fixemos ben como as cousas que se poden mellorar e nas que, sen ningunha dúbida, saberemos innovar.

O modelo de organización do noso departamento e a súa filosofía, pasará por atender as demandas sociais e as carencias que se observan na cidade de cara a unha seguridade viaria segura e responsable. Cabe sinalar que os intereses viarios cidadáns proveñen desde moitos ámbitos e grupos distintos e que debemos de ser capaces de facer os compatibles.

NOVOS OBXECTIVOS

- Consolidar e seguir traballando na liña da evolución dos programas postos en marcha.
- Ampliar os colectivos destinatarios dos programas e talleres.
- Seguir estendendo o Colecamiños a máis escolares e colexios da cidade.
- Mudar os hábitos diarios de escolares e familias nos contornos escolares. Na actualidade ofrecen demasiada inseguridade viaria e non son un modelo de responsabilidade para a cidadanía máis pequena.
- Crear o proxecto dun novo parque infantil de tráfico en Compostela.
- Informes de valoración dos contornos escolares nos horarios de accesos.
- Presentación dos nosos programas a USC para ver se os alumnos universitarios tiveran a posibilidade de realizar algún dos módulos prácticos no noso departamento.



SUXESTIÓNS DE MELLORA

- Diseñar talleres cada vez máis participativos, buscando involucrar os asistentes.
- Conseguir un maior achegamento aos distintos usuarios viarios para concienciar da importancia dos valores seguros e responsables na vía pública.
- Buscar estratexias para involucrar as direccións dos colexios e claustros. Son un referente para os escolares e ocupan unha posición valiosa entre nós e os escolares.
- Incrementar a comunicación e información coas familias, ben sexa a través do uso das redes sociais ben a través dos medios de comunicación ou xuntanzas, onde poder intercambiar impresións.
- Aumentar a presenza en todos aqueles foros que teñan relación coa mobilidade e seguridade viaria.
- Ter listos os programas ao comezo escolar para maior previsión de calendario escolar, tentando na medida do posible que non coincida coas datas do fin dos trimestres.
- Programar xuntanza coa dirección dos colexios a comezos do curso escolar para que os programas contén coa súa valoración e así conseguir que sexan máis eficaces.
- Os obradoiros ao aire libre marcalos na axenda para outono ou primavera.
- Presentar un proxecto de elaboración de parque infantil de tráfico propio ao cuberto. Será unha ferramenta moi útil para a aprendizaxe e interiorización dos conceptos teóricos.
- Valorar se o traballo con cada curso de educación primaria se pode realizar nunha soa xornada e que o seu módulo práctico se centre na súa contorna diaria.
- Pedir propostas de accións tecnolóxicas para darlle seguimento aos proxectos de Colecamiños, como ferramenta de seguimento e reforzo.